

Meu Señor e meu Deus!

Señor, hoxe dámosche grazas pola nosa parroquia, a comunidade dos crentes. Todos os domingos, desde os primeiros séculos, os cristiáns reunímonos porque o mesmo Xesús nos convoca, convidanos a esta festa alegre e semanal.

Na nosa comunidade, cada domingo, recibimos o teu Espírito que nos dá paz e nos enche desa alegría interior e profunda que tanto necesito. Nela curamos a nosa fe de toda incenza como Tomás e crecemos nela, formámola, celebrámola e testemuñámola vivindo a unión e a fraternidade.

Grazas, Señor, polo domingo, axúdanos a valoralo como o día que nos reunimos a comunidade ao redor de ti, Xesús, para recargar as nosas baterías de enerxía e así, renovados, dicirche,: Meu Señor e meu Deus!



7-abril-2024
2º-PASCUA-B
Divina misericordia



Movidos polo vento do Espírito:
enerxía eólica que renovará a faciana da terra

Pascua 2º



FEITOS 4, 32-35: *Un só corazón e unha soa alma.*

SALMO 117: *Dade grazas ao Señor porque é bo, porque é eterna a súa misericordia.*

I PEDRO 5, 1-6: *Todo o que naceu de Deus vence o mundo.*

XOÁN 20, 19-31: *Aos oito días, chegou Xesús*

Narrador: Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

Xesús: - *Paz convosco.*

Narrador: E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor. Xesús repetiu:

Xesús: - *Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu.*

Narrador: E, dito isto, exhalou o seu alento sobre eles e díxolles:

Xesús: - *Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoes os pecados quédanlles perdoados; a quen llelos reteñades, quédanlles retidos.*

Narrador: **Tomé**, un dos Doce, chamado o Xemelgo, **non estaba con eles** cando viu Xesús. E os outros discípulos dicíanlle:

Discípulos: - *Vimos o Señor.*

Narrador: Pero el contestoulles:

Tomás: - *Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creo.*

Narrador: Aos oito días, estaban outra vez dentro os discípulos e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, púxose no medio e dixo:

Xesús: - *Paz convosco.*

Narrador: Logo díxolle a Tomé:

Xesús: - *Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente.*

Narrador: Contestou Tomé:

Tomé: - *Meu Señor e meu Deus!*

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: - *Porque me viches criches? Ditosos os que crean sen ver.*

Narrador: Moitos outros signos, que non están escritos neste libro, fixo Xesús á vista dos discípulos. **Estes escribíronse para que creades** que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e para que, crendo teñades vida no seu nome.

Palabra do Señor

(Narrador-Xesús-Discípulos-Tomé)



Movidos polo vento do Espírito: enerxía eólica que renovará a faciana da terra

1. VER: Buscando enerxías alternativas

-Todos descubrimos que nos montes onde sopra o vento con forza van construíndo parque eólicos que moven as grandes hélices para aproveitar a electricidade do vento. Quérese así lograr unha enerxía renovable e limpa para acender os nosos electrodomésticos na

Que é unha persoa sen enerxía? Para que utilizamos a enerxía eólica?

2. XULGAR: O vento do Espírito renova a terra

-No evanxeo de hoxe, Xesús dinos que **“o primeiro día da semana”** (domingo), estaba toda a comunidade reunida, *“entrou Xesús, púxose no medio e díxolles: «Paz convosco... Recibide o Espírito Santo». E ensinoulles as mans e o costado. Os discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor”*. *Tomé non estaba, pero eles cóntanlle o que viron e el, só despois, ao ver as mans de Xesús di “Meu Señor e meu Deus meu”, é dicir, cre.*

Xoán 20, 19-31, película: <http://youtu.be/watch?v=E48Kpc0NiaE>

QUE NOS QUERE DICIR?

- **O domingo é o día querido por Xesús** para reunirse a comunidade, así sucede desde o día da resurrección.
- **Xesús faise presente** no medio da comunidade cada domingo ao celebrar a eucaristía.
- **Na eucaristía Xesús dános o seu Espírito**, transmítenos a súa paz e échenos de alegría.
- **Coa enerxía recibida do Espírito fortalécese a nosa fe**, renóvase a nosa vida e a vida da sociedade onde nos movemos.
- **Na comunidade, cada domingo, curamos a nosa falta de fe como Tomé**, cargamos as pilas de enerxía e xuntos proclamamos que cremos: *“Meu Señor e meu Deus”*.

Pos a cargar as baterías da fe cada domingo? Como?

Alex Navarro M., 2º Pasc. B, Cousas de Deus: <http://youtu.be/watch?v=D9pCisoUdZl&t=4s>

3. ACTUAR: Necesitas enerxía renovable

- Valora o domingo, o día do Señor, valora a túa comunidade, asiste cada domingo á Eucaristía para que o Espírito cargue e renove a túa fe. Que sexa unha festa.*
- Que a misa do domingo sexa un encontro persoal con Cristo resucitado.*
 - *Anunciade aos vosos compañeiros que non van a misa: “Vimos o Señor”.*

Que imos facer?